C4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Simple Circuito	135.944	135,944	0,400	339,860	0,069	339,929	169,964	67,986
C5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Doble Circuito	227.027	227,027	0,400	567,568	0,069	567,636	283,818	113,527
C6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Triple Circuito	297.718	297,718	0,400	744,295	0,069	744,364	372,182	148,873
D1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Simple Circuito	118.212	118,212	0,400	295,530	0,069	295,599	147,799	59,120
D2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Doble Circuito	197.415	197,415	0,400	493,538	0,069	493,606	246,803	98,721
D3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Triple Circuito	258.885	258,885	0,400	647,213	0,069	647,281	323,641	129,456
D4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Simple Circuito	106.391	106,391	0,400	265,978	0,069	266,046	133,023	53,209
D5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Doble Circuito	177.673	177,673	0,400	444,183	0,069	444,251	222,126	88,850
D6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Triple Circuito	232.997	232,997	0,400	582,493	0,069	582,561	291,281	116,512
D7	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Simple Circuito	94.570	94,570	0,400	236,425	0,069	236,494	118,247	47,299
D8	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Doble Circuito	157.932	157,932	0,400	394,830	0,069	394,899	197,449	78,980
D9	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Triple Circuito	207.108	207,108	0,400	517,770	0,069	517,839	258,919	103,568

GRUPO II. GAS E HIDROCARBUROS									
TIPO	INSTALACIÓN	VALOR DE LAS INSTALACIONES				VALOR DEL SUELO	VALOR TOTAL	Factor RM=0,5 (Euros/m2) [G=Fx0,5]	BASE IMPONIBLE (Euros/unidad de medida) [H=GxC]
		Valor unitario (Euros/Km o Ud) [A]	Valor unitario (Euros/m o Ud) [B=A/1000]	Equivalencia por tipo de terreno [C]	Valor unitario instalaciones (Euros/m2) [D=B/C]	Valor unitario del suelo (Euros/m2) [E]	Valor U. del Suelo + Valor U. de instalaciones (Euros/m2) [F=D+E]		
A	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro D≤4 pulgadas	49.320	49,320	3,000	16,440	0,069	16,509	8,254	24,763
		Euros/Km	Euros/m	m2/ml					euros/mL
B	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 4<D≤8 pulgadas	147.960	147,960	6,000	24,660	0,069	24,729	12,364	74,186
		Euros/Km	Euros/m	m2/ml					euros/mL
C	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 8<D≤12 pulgadas	246.600	246,600	6,000	41,100	0,069	41,169	20,584	123,506
		Euros/Km	Euros/m	m2/ml					euros/mL
D	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 12<D≤16 pulgadas	345.240	345,240	8,000	43,155	0,069	43,224	21,612	172,895
		Euros/Km	Euros/m	m2/ml					euros/mL
E	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 16<D≤20 pulgadas	443.880	443,880	8,000	55,485	0,069	55,554	27,777	222,215
		Euros/Km	Euros/m	m2/ml					euros/mL
F	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 20<D≤25 pulgadas	542.520	542,520	10,000	54,252	0,069	54,321	27,160	271,604
		Euros/Km	Euros/m	m2/ml					euros/mL
G	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 25<D≤30 pulgadas	641.160	641,160	10,000	64,116	0,069	64,185	32,092	320,924
		Euros/Km	Euros/m	m2/ml					euros/mL
H	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 30<D pulgadas	739.800	739,800	10,000	73,980	0,069	74,049	37,024	370,244
		Euros/Km	Euros/m	m2/ml					euros/mL
I	Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de hasta 10 m3.	6.350	6.350,00	100,000	63,500	0,069	63,569	31,784	3178,437
		Euros/ud	Euros/ud	m2/ud					euros/ud
J	Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de 10 m3 o superior.	31.750	31.750,00	500,000	63,500	0,069	63,569	31,784	15892,187
		Euros/ud	Euros/ud	m2/ud					euros/ud

CÁLCULO DE LA TARIFA

GRUPO I. LÍNEAS AÉREAS DE ALTA TENSIÓN							
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN (NÚMERO DE CIRCUITOS)	BASE IMPONIBLE VUELO CONDUCTO RES (Euros/ml) [H=GxC]	BASE IMPONIBLE APOYO (Euros/m2) [I=G]	TARIFA ZONA DE VUELO CONDUCTORES Base imponible vuelo de conductores x Tipo impositivo vuelo 2,5% (Euros/ml) [J=H*2,5/100]	TARIFA ZONA DE APOYO Base imponible apoyo x Tipo impositivo apoyo 5% (Euros/m2) [K=i*5/100]	TARIFA ZONA DE APOYO (CON VUELO CONDUCTORES) Base imponible apoyoxTipo impositivo apoyo 2,5%. (Euros/m2) [L=i*2,5/100]
A1	Línea aérea de alta tensión. Tensión U≥400 Kv	Simple Circuito	149,827	8,463	3,746	0,423	0,212
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
A2	Línea aérea de alta tensión. Tensión U≥400 Kv	Doble Circuito	253,132	14,298	6,328	0,715	0,357
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
A3	Línea aérea de alta tensión. Tensión U≥400 Kv	Cuádruple Circuito	505,657	28,562	12,641	1,428	0,714
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
A4	Línea aérea de alta tensión. Tensión 400>U≥ 220 Kv	Simple Circuito	133,693	11,959	3,342	0,598	0,299
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
A5	Línea aérea de alta tensión. Tensión 400>U≥ 220 Kv	Doble Circuito	225,983	20,215	5,650	1,011	0,505
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
A6	Línea aérea de alta tensión. Tensión 400>U≥ 220 Kv	Cuádruple Circuito	485,543	43,433	12,139	2,172	1,086
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B1	Línea aérea de alta tensión. Tensión 220Kv>U> 123 Kv	Simple Circuito	80,488	11,873	2,012	0,594	0,297
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B2	Línea aérea de alta tensión. Tensión 220 Kv>U> 123 Kv	Doble Circuito	106,972	15,780	2,674	0,789	0,394
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B3	Línea aérea de alta tensión. Tensión 220 Kv>U> 123 Kv	Triple Circuito	123,826	18,266	3,096	0,913	0,457
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B4	Línea aérea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV	Simple Circuito	75,774	13,411	1,894	0,671	0,335
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B5	Línea aérea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV	Doble Circuito	100,715	17,826	2,518	0,891	0,446
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B6	Línea aérea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV	Triple Circuito	116,587	20,635	2,915	1,032	0,516
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B7	Línea aérea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV	Simple Circuito	57,501	24,201	1,438	1,210	0,605
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B8	Línea aérea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV	Doble Circuito	76,450	32,176	1,911	1,609	0,804
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B9	Línea aérea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV	Triple Circuito	88,508	37,251	2,213	1,863	0,931
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2

GRUPO I. LÍNEAS AÉREAS DE ALTA TENSIÓN							
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN (NÚMERO DE CIRCUITOS)	BASE IMPONIBLE VUELO CONDUCTO RES (Euros/ml) [H=GxC]	BASE IMPONIBLE APOYO (Euros/m2) [I=G]	TARIFA ZONA DE VUELO CONDUCTORES Base imponible vuelo de conductoresxTipo impositivo vuelo 2,5% (Euros/ml) [J=H*2,5/100]	TARIFA ZONA DE APOYO Base imponible apoyo x Tipo impositivo apoyo 5% (Euros/m2) [K=I*5/100]	TARIFA ZONA DE APOYO (CON VUELO CONDUCTORES) Base imponible apoyoxTipo impositivo apoyo 2,5%. (Euros/m2) [L=I*2,5/100]
C1	Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV	Simple Circuito	52,033	21,899	1,301	1,095	0,547
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
C2	Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV	Doble Circuito	69,177	29,115	1,729	1,456	0,728
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
C3	Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV	Triple Circuito	80,086	33,706	2,002	1,685	0,843
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
C4	Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Simple Circuito	33,708	19,383	0,843	0,969	0,485
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
C5	Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Doble Circuito	44,811	25,768	1,120	1,288	0,644
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
C6	Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Triple Circuito	51,877	29,832	1,297	1,492	0,746
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D1	Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Simple Circuito	32,570	18,729	0,814	0,936	0,468
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D2	Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Doble Circuito	38,974	22,412	0,974	1,121	0,560
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D3	Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Triple Circuito	45,118	25,945	1,128	1,297	0,649
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D4	Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Simple Circuito	26,386	17,201	0,660	0,860	0,430
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D5	Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Doble Circuito	35,076	22,866	0,877	1,143	0,572
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D6	Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Triple Circuito	40,606	26,470	1,015	1,324	0,662
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D7	Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Simple Circuito	23,459	15,464	0,586	0,773	0,387
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D8	Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Doble Circuito	31,184	20,556	0,780	1,028	0,514
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D9	Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Triple Circuito	36,099	23,796	0,902	1,190	0,595
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2

GRUPO II. LÍNEAS SUBTERRÁNEAS DE ALTA TENSIÓN				
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN (NÚMERO DE CIRCUITOS)	BASE IMPONIBLE (Euros/ml) [H=GxC]	TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100]
A1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $U \geq 400$ Kv	Simple Circuito	444,744	22,237
A2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $U \geq 400$ Kv	Doble Circuito	864,751	43,238
A3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $400 > U \geq 220$ Kv	Simple Circuito	444,744	22,237
A4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $400 > U \geq 220$ Kv	Doble Circuito	86,251	4,313
B1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $220 \text{Kv} > U > 123$ Kv	Simple Circuito	352,887	17,644
B2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $220 \text{Kv} > U > 123$ Kv	Doble Circuito	589,445	29,472
B3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $220 \text{Kv} > U > 123$ Kv	Triple Circuito	772,803	38,640
B4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $123 \text{ kV} \geq U > 72,5$ kV	Simple Circuito	332,332	16,617
B5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $123 \text{ kV} \geq U > 72,5$ kV	Doble Circuito	554,982	27,749
B6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $123 \text{ kV} \geq U > 72,5$ kV	Triple Circuito	727,786	36,389
B7	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $72,5 \text{ kV} \geq U > 52$ kV	Simple Circuito	200,643	10,032
B8	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $72,5 \text{ kV} \geq U > 52$ kV	Doble Circuito	335,064	16,753
B9	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $72,5 \text{ kV} \geq U > 52$ kV	Triple Circuito	565,787	28,289

GRUPO II. LÍNEAS SUBTERRÁNEAS DE ALTA TENSIÓN				
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN (NÚMERO DE CIRCUITOS)	BASE IMPONIBLE (Euros/ml) [H=GxC]	TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100]
C1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV \geq U > 36 kV	Simple Circuito	181,535	9,077
C2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV \geq U > 36 kV	Doble Circuito	303,154	15,158
C3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV \geq U > 36 kV	Triple Circuito	511,904	25,595
C4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV \geq U > 24 kV	Simple Circuito	67,986	3,399
C5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV \geq U > 24 kV	Doble Circuito	113,527	5,676
C6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV \geq U > 24 kV	Triple Circuito	148,873	7,444
D1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV \geq U > 17,5 kV	Simple Circuito	59,120	2,956
D2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV \geq U > 17,5 kV	Doble Circuito	98,721	4,936
D3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV \geq U > 17,5 kV	Triple Circuito	129,456	6,473
D4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV \geq U > 12 kV	Simple Circuito	53,209	2,660
D5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV \geq U > 12 kV	Doble Circuito	88,850	4,443
D6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV \geq U > 12 kV	Triple Circuito	116,512	5,826
D7	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV \geq U \geq 1 kV	Simple Circuito	47,299	2,365
D8	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV \geq U \geq 1 kV	Doble Circuito	78,980	3,949
D9	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV \geq U \geq 1 kV	Triple Circuito	103,568	5,178

GRUPO II. GAS E HIDROCARBUROS			
TIPO	INSTALACIÓN	BASE IMPONIBLE (Euros/unidad de medida) [H=GxC]	TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100]
A	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro $D \leq 4$ pulgadas	24,763	1,238
		euros/mL	euros/ml
B	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro $4 < D \leq 8$ pulgadas	74,186	3,709
		euros/mL	euros/ml
C	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro $8 < D \leq 12$ pulgadas	123,506	6,175
		euros/mL	euros/ml
D	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro $12 < D \leq 16$ pulgadas	172,895	8,645
		euros/mL	euros/ml
E	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro $16 < D \leq 20$ pulgadas	222,215	11,111
		euros/mL	euros/ml
F	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro $20 < D \leq 25$ pulgadas	271,604	13,580
		euros/mL	euros/ml
G	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro $25 < D \leq 30$ pulgadas	320,924	16,046
		euros/mL	euros/ml
H	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro $30 < D$ pulgadas	370,244	18,512
		euros/mL	euros/ml
I	Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de hasta 10 m ³ .	3178,437	158,922
		euros/ud	euros/ud
J	Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de 10 m ³ o superior.	15892,187	794,609
		euros/ud	euros/ud

Meira, 17 de xuño de 2022.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1677

Anuncio

O Pleno do Concello de Meira, en sesión ordinaria celebrada o 25 de abril de 2022, adoptou o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras a cuxo efecto se publicou anuncio no BOP de Lugo núm. 101 de data 4 de maio de 2022 para que no prazo de trinta días contados a partir do seguinte á inserción dese anuncio no BOP, as persoas interesadas puideran examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimaran pertinentes.

Rematado o prazo de exposición pública, seguindo o trámite previsto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), sen formularse reclamacións, o citado acordo plenario enténdense definitivamente adoptado.

De conformidade co disposto no artigo 17.4 TRLRHL, publícase o texto íntegro da Ordenanza modificada.

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS DO CONCELLO DE MEIRA.**Art. 1.- Fundamento.**

De conformidade co disposto nos artigos 15.1 e 59.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Meira establece o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que se esixirá conforme ás disposicións contidas na dita lei e na presente ordenanza, ditada ao abeiro do establecido no art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Art. 2.- Natureza, feito imponible e exencións.

1. Constitúe o feito imponible deste imposto, a realización, en todo o termo municipal de Meira, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtivera ou non a dita licenza ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este municipio.

2. Para estes efectos enténdese por construción, instalación ou obra as seguintes:

- a) Construción de toda clase de edificación e instalación de nova planta.
- b) Derrubamentos
- c) Obras que afecten ao interior ou exterior de edificios.
- d) Aliñacións e rasantes.
- e) Obras de fontanería e de rede de sumidoiro.
- f) Obras que se realicen en cemiterios.
- g) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza de obra ou urbanística ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

3. Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas que requiran a existencia previa dun acordo ou dunha concesión. Nestes casos, a licenza entenderase outorgada unha vez ditada a orde de execución, adoptado o acordo ou adxudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento dos trámites preceptivos.

4. Non se entenderán incluídas no feito imponible do imposto as construcións, instalacións ou obras autorizadas en proxectos de urbanización.

5.- Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa o dono o Estado, as Comunidades autónomas ou as entidades locais, que, estando suxeita ao mesmo, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de novo investimento como da súa conservación.

Art. 3.- Suxeitos pasivos.

3.1.- Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte:

- a) As persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 36 da Lei xeral tributaria, propietarios dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan os donos das mesmas.
- b) Quen ostente a condición de dono da obra nos demais casos.

3.2.- Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite as correspondentes licenzas, presente as declaracións responsables ou comunicacións previas ou realicen as construcións, instalacións ou obras, se non foran os propios contribuíntes.

Art. 4. Base imponible, cota e devengo.

1. A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela.

2. Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material, sempre que a existencia e contía destes conceptos resulten dos respectivos contratos, orzamentos ou documentos suficientemente acreditativos.

3. A cota do imposto será o resultado de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame.

4. O tipo de gravame será do 2 %.

5. O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non contase coa correspondente licenza ou, no seu caso, non se presentase ou non surtise efectos xurídicos a presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Art. 5.- Xestión.

5.1.- Cando se conceda a licenza, declaración responsable ou comunicación previa practicarase unha liquidación provisional determinándose a base impositiva en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo houbera sido visado polo Colexio Oficial correspondente. Noutro caso, a base impositiva será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

5.2.- Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base impositiva a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Art. 6.- Cobro.

6.1.- As cotas liquidadas e non satisfeitas dentro do período voluntario faranse efectivas pola vía de apremio de acordo coas normas do Regulamento xeral de recadación.

6.2.- As liquidacións notificaranse aos suxeitos pasivos de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e na Lei das facendas locais.

Art. 7.- Partidas fallidas.

Considéranse partidas fallidas ou créditos incobrables aquelas coas que non puideran facerse efectivas polo procedemento de apremio, para cuxa declaración se formalizará o oportuno expediente, de acordo co previsto no Regulamento xeral de recadación.

Art. 8.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como ás sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e a Lei de facendas locais.

Art. 9.- Bonificacións.

1.- Establécese unha bonificación de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación, co voto da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do interesado. O Pleno declarará, se procede, o especial interese ou utilidade municipal en base á documentación presentada polo. O Concello deberá comprobar, no exercicio seguinte ao de remate das obras e, en todo caso, antes do período de prescrición da débeda, o cumprimento efectivo das condicións de goce do beneficio e, de ser o caso, regularizará a situación tributaria. Para a correcta comprobación do cumprimento dos requisitos o interesado deberá achegar a documentación solicitada polo Concello.

2. As construcións, instalacións ou obras para a instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo gozarán dunha bonificación do 50%. Para a aplicación desta bonificación será necesario que os colectores obxecto da instalación dispoñan da correspondente homologación administrativa. Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a teor da normativa específica na materia.

Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte da cota correspondente ás construcións, instalación ou obras destinadas estritamente á fin indicada e en ningún caso se concederá se a construción, instalación ou obra non está amparada pola correspondente licenza ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Para a súa concesión será requisito a solicitude expresa do obrigado ao pago no prazo máximo de tres meses dende a concesión da licenza ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa, acompañando copia do presuposto de obra que determine razoadamente o custo que supón a parte da construción, instalación ou obra bonificable, identificación da licenza de obras ou orde de execución ou declaración responsable ou comunicación previa presentada que a ampara, así como calquera outra documentación que o interesado estime oportuna. A devolución que xere a eventual concesión deste beneficio fiscal recibirá o tratamento a efectos de xuros previsto no artigo 31 da Lei xeral tributaria, aprobada pola Lei 58/2003, do 17 de decembro.

Este beneficio fiscal terá carácter provisional en tanto polo concello non se proceda á comprobación dos feitos e circunstancias que permitiran o seu desfrute e se dite a correspondente liquidación definitiva, se aprobe se é o caso a correspondente acta de comprobado e conforme ou transcorran os prazos para a súa comprobación.

3. Gozarán dunha bonificación do 50% da cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial. Os solicitantes aportarán, xunto coa solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa da actuación que se pretende, a correspondente cédula de cualificación de protección oficial e aplicarán directamente a bonificación, sen prexuízo da comprobación administrativa.

4. Aplicarase unha bonificación do 90% a favor de construcións, instalacións ou obras que sexan para mellorar o acceso e habitabilidade a discapacitados. Entenderanse como construcións, instalacións e obras necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade as destinadas a:

- Reforma interior da vivenda para a adecuación á discapacidade de calquera persoa que resida ou vaia residir habitualmente na mesma.
- Modificación de elementos comúns do edificio que sexan paso necesario entre a vivenda da persoa con discapacidade e a vía pública, tales como escaleiras, ascensores, corredores, portais ou calquera outro elemento arquitectónico.
- A aplicación de dispositivos electrónicos que sirvan para superar barreiras de comunicación sensorial ou de promoción da seguridade de calquera persoa con discapacidade que resida habitualmente nunha vivenda do edificio.

Non se entenderan como construcións, instalacións e obras necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade as que, calquera que sexa o seu destino, se realicen en inmobles que por prescrición normativa deban estar adaptados ou deban adaptarse obrigatoriamente.

No inmovible no que se van a realizar as obras bonificadas, deberá estar empadroada, e formando parte da unidade de convivencia, a persoa con discapacidade física ou sensorial a longo prazo. A estes efectos o empadramento no inmovible deberá manterse, polo menos, desde a data de finalización das obras ata o remate do prazo para realizar a comprobación e/ou inspección fiscal correspondente.

Entenderase que teñen a condición de persoas con discapacidade as que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento. O grao de discapacidade deberá acreditarse mediante certificado do órgano competente da Xunta de Galicia.

Por parte do Concello valorarase o cumprimento dos requisitos e condicións necesarias para o disfrute desta bonificación coa incorporación ao expediente dos informes da Traballadora Social e do técnico municipal en materia urbanística.

5. Gozarán dunha bonificación do 90% aquelas construcións, instalación e obras que sexan necesarias para a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos no termo municipal de Meira. Esta bonificación atópase condicionada a que as instalacións dispoñan da homologación pola Administración con competencias na materia.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, que consta de nove artigos, e cuxa modificación foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 25 de abril do 2022 entrará en vigor o día da publicación do texto íntegro da mesma no BOP de Lugo e aplicarase mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Meira, 16 de xuño de 2022.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1678

MONDOÑEDO

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO E RECADACIÓN DE IMPOSTOS

En Xunta de Goberno Local de 16 de xuño de 2022 aprobouse o Padrón **da TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 3º BIMESTRE E DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS DO 2022.**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PÚBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de xullo ó 31 de agosto, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicos de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos xuros e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 16 de xuño de 2021.- O Alcalde, Manuel Angel Otero Legide.

R 1679

MONTERROSO

Anuncio

O Pleno do Concello de Monterroso en sesión ordinaria celebrada o 26/04/2022 acordou aprobar inicialmente a modificación das ordenanzas fiscais nº 11 e 26 relativas á ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos municipais de verquidos de augas residuais de calquera clase e ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga do Concello de Monterroso. O citado acordo foi exposto ao público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de 5 de maio de 2022 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

ORDENANZA FISCAL POLA QUE SE MODIFICA A REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

ARTIGO ÚNICO:

O artigo 3 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga, queda redactado como segue:

A cota tributaria liquidarase trimestralmente mediante a aplicación das seguintes tarifas:

2021	IPC	2,8%	1,028000
------	-----	------	----------

1.-Tarifas do servizo de abastecemento:

<u>ABASTECIMIENTO USO DÓMESTICO</u>					
<u>Cuota Fija:</u>		2,28	2,34	<u>2019</u>	<u>2022</u>
desde	0	hasta	10	0,390340	0,401270
desde	11	hasta	20	0,409856	0,421332
desde	21	hasta	9999	0,413760	0,425345
<u>ABASTECIMIENTO USO NON DÓMESTICO</u>					
<u>Cuota Fija:</u>		2,25	2,31	<u>2019</u>	<u>2022</u>
desde	0	hasta	15	0,413760	0,425345
desde	16	hasta	30	0,488236	0,501907
desde	31	hasta	9999	0,589821	0,606336
<u>ABASTECIMIENTO EXPLOT. GANADERA</u>					
<u>Cuota Fija:</u>		2,22	2,28	<u>2019</u>	<u>2022</u>
desde	0	hasta	15	0,210007	0,215887
desde	16	hasta	30	0,244118	0,250953
desde	31	hasta	9999	0,294911	0,303169

2.-Prezos acometidas, contadores e outros:

<u>ACOMETIDAS ABASTECIMIENTO</u>						
	Terra		Asfalto		Baldosa-Acera	
	<u>2019</u>	<u>2022</u>	<u>2019</u>	<u>2022</u>	<u>2019</u>	<u>2022</u>
3/4"	189,91	195,23	244,58	251,43	292,92	301,12
1"	204,60	210,33	258,31	265,54	303,95	312,46
1 1/2"	246,25	253,15	300,41	308,82	346,08	355,77
2"	293,04	301,25	346,08	355,77	392,32	403,30
Incremento por m.(mayores 5 m.)						
	Terra		Asfalto		Baldosa-Acera	
	<u>2019</u>	<u>2022</u>	<u>2019</u>	<u>2022</u>	<u>2019</u>	<u>2022</u>
3/4"	9,19	9,45	20,19	20,76	24,33	25,01
1"	10,75	11,05	21,81	22,42	25,83	26,55
1 1/2"	15,34	15,77	26,37	27,11	30,43	31,28
2"	25,72	26,44	36,79	37,82	40,81	41,95

<u>INSTALACION CONTADOR</u>	<u>2019</u>	<u>2022</u>
Instalacion cont. 13 mm.	80,87	83,13
<u>VENTA CONTADOR</u>		
13 mm.	55,49	57,04
15 mm.	63,18	64,95
20 mm.	77,10	79,26
25 mm.	125,59	129,11
30 mm.	175,57	180,49
40 mm.	272,16	279,78
50 mm.	594,66	611,31
65 mm.	737,18	757,82

<u>COBRO ABONADOS MOROSOS</u>		
	<u>2019</u>	<u>2022</u>
Carta certf.	4,19	4,31

<u>DESPRENCITADO CONTADORES</u>		
	<u>2019</u>	<u>2022</u>
Desprecinta.	19,04	19,57

<u>CONEXIÓN A REDE</u>		
	<u>2019</u>	<u>2022</u>
Conex. Y precint	19,04	19,57

NOTA: tódolos prezos veranse gravados co I.V.E. correspondente.

Disposición Final

A presente modificación da ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Lugo, permanecendo vixente ata a súa expresa modificación ou derogación.

ORDENANZA MODIFICATIVA DA REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN

Artigo único.- O artigo 5º da ordenanza fiscal reguladora da taxa por rede de sumidoiro queda redactado como segue:

“Artigo 5º.- Cota tributaria.

A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización da acometida na rede de sumidoiros esixirase por unha sola vez e consistirá na cantidade fixa de 73,80 euros.

1. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de depuración, determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, liquidada nos recibos da taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga potable, aplicándolle ó consumo alí reflectido a tarifa 2) establecida neste artigo.
2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos da rede de sumidoiros determinarase en función dos custos do servizo mediante a aplicación dunha tarifa anual.

A tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas:

<u>RED DE ALCANTARILLADO VIVIENDAS Y LOCALES</u>				
	año	mes	año	mes
Cuota fija anual	12,92	1,08	13,285255	1,11

<u>RED DE ALCANTARILLADO CENTRO PENITENCIARIO</u>				
	año	mes	año	mes
Cuota fija anual	3.064,63	255,39	3150,44	262,54

Tarifa 2. Depuración

SANEAMIENTO USUARIOS ABASTECIMIENTO		
	2019	2022
Por cada m3 de abast.	0,332082	0,341380

SANEAMIENTO USUARIOS NO ABASTECIMIENTO, SIN CONTADOR				
	Trimestre	mes	Trimestre	mes
Domestico y Comercial 10m3/mes	9,9594	3,3198	10,2383	3,4128
Industrial y obras	19,9241	6,6414	20,4820	6,8273

Disposición Final

A presente modificación da ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Lugo, permanecendo vixente ata a súa expresa modificación ou derrogación.

Monterroso, 20 de xuño de 2022.- a alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 1680

SAMOS*Anuncio*

Os efectos do disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, pónse en coñecemento xeral que na Secretaría desta entidade atópase exposta ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2021 co informe favorable da Comisión Especial de Contas celebrada con carácter ordinario o día 31 de maio de 2022, por prazo de quince días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que examinados pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola devandita cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe e someterase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, sen prexuízo do seu sometemento á fiscalización externa do Consello de Contas e do Tribunal de Cuentas.

Samos, 17 de xuño do 2022.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 1681

VILALBA*Anuncio*

APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DE VILALBA. EXPTE. 886/2022

O Pleno do Excmo. Concello de Vilalba, en sesión ordinaria celebrada o día 09 de xuño de 2022, acordaba aprobar inicialmente o regulamento do Consello Local de Infancia e Adolescencia de Vilalba. De conformidade co preceptuado nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de 30 días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que poida ser examinado e formularse polos interesados as reclamacións e/ou suxestións que estimen pertinentes.

O expediente pode ser consultado, durante o período de información pública, no Indicador 2.1 do Portal de Transparencia da sede electrónica [<http://vilalba.sedelectronica.es>], así como no portal web municipal [<https://www.vilalba.gal/es/>].

No caso de que non se presenten reclamacións e/ou suxestións en relación coa aprobación inicial da modificación do Regulamento no prazo de información pública e audiencia aos interesados, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O que se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no citado acordo plenario.

Vilalba, 17 de xuño de 2022.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 1682

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía nº 2022-0390 procedíase á rectificación de erros advertidos pola Tesoureira municipal en informe de data 10/06/2022, e, en consecuencia, á parte resolutive do Decreto nº 2022-0325 no cal se aprobaba a oferta de emprego público ordinaria do Concello de Vilalba correspondente ao ano 2022, así como a oferta de emprego público “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, coa seguinte parte resolutive:

Primeiro.- Proceder á rectificación de erros advertidos pola Tesoureira municipal en informe de data 10/06/2022, e, en consecuencia, á parte resolutive do Decreto nº 2022-0325, nos seguintes termos:

Onde di:

GRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	N.º DE PLAZAS	SISTEMA DE SELECCIÓN	VÍNCULO
3	AUXILIAR ADMINISTRATIVO URBANISMO	1	Concurso	Laboral

Debe dicir:

GRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	N.º DE PLAZAS	SISTEMA DE SELECCIÓN	VÍNCULO
4	AUXILIAR ADMINISTRATIVO URBANISMO	1	Concurso	Laboral

Onde di:

GRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	N.º DE PLAZAS	SISTEMA DE SELECCIÓN	VÍNCULO
3	AUXILIAR ADMINISTRATIVO RECADACIÓN	1	Concurso	Laboral

Debe dicir:

GRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	N.º DE PLAZAS	SISTEMA DE SELECCIÓN	VÍNCULO
4	AUXILIAR ADMINISTRATIVO RECADACIÓN	1	Concurso	Laboral

Segundo.- Proceder á publicación da corrección no Portal de Transparencia da sede electrónica do Concello de Vilalba (Indicador 9), no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia.

Mándao e asínoa a Alcaldesa, dona María Elba Veleiro Fernández, do que eu, Secretario accidental dou fe.

Vilalba, 17 de xuño de 2022.- A Alcaldesa, María Elba Veleiro Fernández.

R. 1683

VIVEIRO

Anuncio

En cumprimento da previsión do artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), publícase a Resolución dictada pola Alcaldía, que literalmente di:

MARÍA LOUREIRO GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO

En virtude do disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Resultando que o artigo 47 do ROF, prevé que corresponde ós Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ó Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a éste para o exercizo das súas atribucións.

Resultando que o citado artigo establece que nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda, sen expresa delegación que reunirá os requisitos do artigo 44.1 e 44.2

Resultando que o artigo 44.1 e 44.2 do ROF indica que as delegacións serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía que conterá como mínimo o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercizo das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto no ROF, e que a delegación de atribucións do Alcalde surtirá efecto dende o día seguinte á súa data, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Resultando que esta Alcaldesa se vai atopar ausente, por vacacións, dende o día 18 ata o día 26 de xuño de 2022, ambos incluídos, o que lle impide poder realizar as súas atribucións no período referido.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Delegar a totalidade das funcións desta Alcaldía no 1ª Tenente de Alcalde, D. Jesús Fernández Fernández, dende o 18 ata o 26 de xuño de 2022, ambos incluídos. Esta delegación surtirá efectos dende a súa sinatura e na data indicada

SEGUNDO.- Da presente resolución darase traslado ao 1ª Tenente de Alcalde e será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

TERCEIRO.- Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

Viveiro, 17 de xuño de 2022.- A alcaldesa, María Loureiro García. Ante min, a Secretaria Xeral, aos efectos do disposto no artigo 3.2f) Real Decreto 128/2018, M.ª Luz Balsa Rábade.

R. 1697